

FICHA RESUME

PE 403A 2007/ 53-5

Ano	2008
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE ALDÁN-HIO
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E SEMIAUTÓNOMO

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>) e Longueirón (<i>E.siliquia</i>)
Ambito do plan	De Punta Alada a Punta Morcegos cara o interior da ría.
Subzonas de explotación	Área 1-AREA BRAVA : de Punta Alada a Punta Corveira. Área 2-PINTÉNS: dende Punta Corveira a Punta Ameixide. Área 3-VILARIÑO: dende Punta Ameixide a O Con. Área 4- AREA COVA: Dende o Muelle a Francón Área 5-MENDUIÑA: Dende Francón ata Punta Morcegos.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	6	15
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		190										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro cunha veda para a navalla entre febreiro e marzo, e para o longueirón entre abril e maio.												
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea e semiautónomo												
Cada mes traballaranse 8-9 días na área principal e 2 na área secundaria												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
12+3	12+3	12+3	12+3	12+3	13+4	13+4	13+4	13+4	12+3	12+3	12+3	
Rotación de áreas												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
3	1+2	1+2	3	4	4	4	5	5	5	3	3	
1+2	-	-	1+2	1+2	1+2	1+2	1+2	1+2	1+2	1+2	1+2	

Especies	Embarcación	Tripulante/habilitación
Navalla		15 kg/mergullador/día
Longueirón		10 kg/mergullador/día

Arte ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e semiautónomo
--------------------------------------	----------------------------------

Puntos de control	Na lonxa de Aldán e embarcación de vixilancia
Puntos de venda	Lonxa de Aldán

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾
---	---------------------------------------

Modificada por Orde do 17 de abril de 2008

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras				X	X	X			X	X		
Zonas: ámbito do plan												
Especies: navalla e longueirón												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados							X	X	X	X		
Zonas: Area Brava, Pinténs, Vilariño e Areacova												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

No plan de explotación de navalla e longueirón para o ano 2007 só se contemplaba a expulsión do plan do ano seguinte no caso de que algún participante non pagara a sanción antes da elaboración do novo plan, sen embargo na proposta de resolución de 22.12.2006 da Dirección Xeral de Recursos Mariños para a aprobación do plan para o presente ano se indicaba que se observaban irregularidades no anexo das infraccións e sancións e recomendaba que o procedemento sancionador fose revisado.

En calquera caso, a non inclusión dunha embarcación (e a súa tripulación) nun plan de explotación motivada pola ausencia de vendas ou cal reflicte que non tivo actividade extractiva, ou por non estar asociado á entidade que presenta o plan, non está contemplada na normativa vixente que regula a explotación de recursos mariños, nin a renovación das modalidades de recursos específicos no permiso da embarcación. Polo que non se poden aceptar estas circunstancias para excluír as embarcacións mencionadas do plan de explotación para o vindeiro ano.

Os plans de explotación son ferramentas para a xestión da explotación na que se recolle a planificación da actividade extractiva e as medidas para unha explotación sostible. Cando se trate da extracción de recursos dentro dun plan de explotación, a **autorización para realizar o mergullo** é concedida coa aprobación do plan para a zona e período de vixencia do mesmo, debendo a entidade presentala aprobación para efectos de seguridade que da a capitánía marítima correspondente (orde de 13 de xuño de 2001 pola que se modifica a do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional). Isto non exclúe a aprobación dun plan de explotación con participantes que por diversas causas non exercen inicialmente a

actividade, debendo comunicarse cando se incorporan á actividade extractiva e correspondendo a súa inclusión na autorización da capitánía marítima.

O plan presentado para o ano 2008 recolle no apartado de observacións xerais (2.6) que "para que un mergullador poda ser incluído neste plan, será condición indispensable esta incluído no plan de seguridade", non facendo referencia algunha á exclusión de embarcacións. Pero á vista do exposto anteriormente, o plan o que si podería establecer é que non poderán desenvolver a actividade sen estar incluídos no plan de seguridade, pero esa inclusión pode ser por un tempo determinado e non obrigatoriamente por toda a vixencia do plan.

Para que estas embarcación podan exercer a explotación de navalla será necesario un informe da sección de formación da delegación territorial sobre a actividade de mergullo na que se inclúan como participantes no plan. Agora ben, se durante o proceso de renovación da modalidade de navalla para o vindeiro ano as embarcacións xxxxxx, ao igual que o resto que participantes do plan, non acreditan ter enrolado un mergullador titulado, non revalidarán a modalidade de navalla longueirón do seu permiso de explotación e decaerán do seu dereito a participar no plan, creándose as vacantes correspondentes.

Para explotar os recursos específicos necesariamente débese estar nun plan de explotación, polo que é responsabilidade das confrarías o censo de participantes e deberán responder en caso de que os produtores recorran á vía xudicial. A privación do dereito de exercer a actividade marisqueira por parte dunha confraría que supoña a exclusión do plan de explotación, sen que teña lugar a través do oportuno procedemento sancionador cando esa situación se contemple nos estatutos da entidade ou regulamentos internos, é delicada ao non contemplarse tal situación na normativa que regula á explotación dos recursos, nin o permiso de explotación como xa se indicou anteriormente. Polo tanto, **estas 3 embarcacións manteñen o seu dereito a participar no plan de explotación de navalla da confraría de Aldán**, salvo que a entidade (a través do seu representante legal) acredite documentalmente que os armadores das embarcacións excluídas coñecen o contido do plan e está conformes.

Con respecto á **zona de traballo**, no plan solicítase de punta Alada ata punta Preguntoiro, ampliando a zona (dende punta Morcegos ata punta Preguntoiro) con respecto ao aprobado no ano 2007, polo que existiría un solapamento co plan de explotación de navalla das confrarías de Portonovo, Sanxenxo, Raxó, Pontevedra, Lourizán, Marín e Bueu. Polo que a zona autorizada sería de **punta Alada a punta Morcegos**, salvo que teña lugar un acordo entre as entidades titulares de ambos plans de explotación.

De acordo co informe técnico non se acepta a modificación das subzonas de traballo propostas de xeito que se unan as área 1 e 2, co obxecto de facilitar o análise estadístico e seguemento da evolución da pesquería de cara ás sucesivas campañas. A denominación será a indicada nas subzonas de explotación. Por este motivo cando se autorice a apertura simultánea das Zonas 1 e 2, os mergulladores deberán declarar á entidade a procedencia das capturas.

Dado que el calendario presentado non define as circunstancias nas que se acudiría á área principal e á secundaria, co que habería dúas áreas abertas ao mesmo tempo, de acordo co informe técnico propónse un calendario diferenciando as áreas 3,4 e 5 como principais e as 1 e 2 como áreas secundarias. Cada mes debería abriose a área principal ou boa para traballar 12-13 días e a secundaria se abriría un mínimo de 3-4 días. Propónse a rotación das áreas que figuran no calendario, e o cambio da zona principal á secundaria nun día de traballo deberá ser comunicado previamente vía fax á delegación territorial.

De acordo co informe técnico, aceptase a proposta que figura no plan de aumentar a extracción na zona de Area Cova e reducila en Mendiña. Por outra banda, recoméndase adicar máis días á extracción do longueirón en Area Brava que está subexplotada. Tamén se considera adecuada a proposta de topes de captura de 15 kg/mergullador/día cando acudan á pesquería un máximo de 5 mergulladores, reducíndose a 10 kg/mergullador/día no caso de asistencia de máis de 5 persoas. Aceptase a dobre cota de 10 kg de navalla e 10 de longueirón cando se traballe nunha zona secundaria.

O horario é de 8:00 a 14:00, de conformidade co autorizado para marisqueo dende embarcación segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

A autorización para o uso das distintas técnicas de mergullo está supeditada a que os mergulladores estean en posesión dos certificados profesionais acorde coa técnica empregada, así como ao estricto cumprimento da normativa sobre mergullo e a execución do plan sexa aprobada a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

*